



ICEDE Working Paper Series

A estrutura produtiva e a inserción exterior da economía galega.
Análise a partir das táboas input-output de 2005 e 2011.

Fernando de la Torre Cuevas

Nº 26, Outubro 2019
ICEDE Working Paper Series
ISSN 2254-7487
<http://www.usc.es/icede/papers>

Grupo de investigación Innovación, Cambio Estructural e Desenvolvemento (ICEDE)

Departamento de Economía Aplicada
Universidade de Santiago de Compostela
Avda. do Burgo s/n
15782 Santiago de Compostela – A Coruña
Telf. +34 881 811 567
www.usc.es/icede

Este traballo está baseado no Traballo de Fin de Máster do Máster de Desenvolvemento Económico e Innovación da USC que leva por título "A estrutura produtiva e a inserción exterior da economía galega"

A estrutura produtiva e a inserción exterior da economía galega. Análise a partir das táboas input-output de 2005 e 2011.

Fernando de la Torre Cuevas
Investigador pre-doutoral
Universidade de Santiago de Compostela
Telf. +34 658 526 953 fernandodela.torre@rai.usc.es

Outubro 2019 2019

Resumo

O presente traballo pretende avanzar cara á construción dunha imaxe global máis afinada da realidade actual da economía galega, acoutando a nosa análise entre os anos 2005 e 2011. Para iso, ademais de estudar as principais magnitudes da economía galega nese período temporal, completaremos a análise estudando as relacións de interdependencia entre sectores económicos e dos mesmos co exterior. A tal fin, empregaremos como fontes estatísticas as táboas input-output dos anos 2005 e 2011, dado que constitúen unha rica fonte de datos cun nivel de desagregación maior que o que ofrecen operacións estatísticas máis rutineiras. Máis alá da sistematización dos resultados empíricos obtidos, procuraremos achegar unha serie de conclusións de carácter cualitativo que contribúan a completar a imaxe da economía galega.

Palabras clave

Economía de Galicia, Input-Output, Estrutura económica, Relacións intersectoriais, Desenvolvemento económico.

Clasificación JEL: B51, B52, C67, F63.

1. Introducción

O presente traballo pretende inscribirse na corrente do pensamento económico galego que aspira a continuar dando un relato xeral sobre a nosa economía (López Iglesias, 2016). En concreto, procuraremos estudar as relacións de interdependencia existentes entre as diferentes ramas da nosa economía e da súa relación co exterior. A idea non é outra que ofrecer unha imaxe o máis actualizada posible da economía galega, empregando unha metodoloxía que nos permite matizar as cifras de valor engadido bruto e emprego por ramas que ofrecen as Contas Económicas publicadas polo Instituto Galego de Estatística (ou a *Contabilidad Regional* do Instituto Nacional de Estadística). O principal elemento de novidade deste traballo é o ser a primeira análise global das táboas input-output de Galicia para o ano 2011, e nel empréganse tamén datos das táboas de 2008 e da actualización parcial para o ano 2013, que tampouco teñen sido analizadas detidamente ata o momento. Os obxectivos fundamentais do traballo consisten, en primeiro lugar, na delimitación das ramas de actividade cunha maior influencia no desempeño da economía de Galicia. Ademais, estudaremos en que medida a crise económica modificou as relacións de interdependencia e a importancia relativa das ramas de actividade dos diferentes sectores económicos. Por último, a partir dos datos e as aportacións da bibliografía consultada, tentaremos establecer unha serie de características transversais e de carácter máis cualitativo que axuden a completar a imaxe da nosa economía, procurando contribuír así na construción dun relato para esta terra e este tempo.

O núcleo da metodoloxía empregada no plano cuantitativo relaciónase co modelo input-output, formulado en primeira instancia durante a primeira metade do século XX por Wassily Leontief (1936) e que ten sido obxecto de múltiples desenvolvementos. En concreto, apoiáronos nas nocións de ligazón entre sectores e nos coñecidos como índices de Rasmussen, os cales permiten estudar os vínculos entre sectores de actividade á vez que ponderamos a súa importancia atendendo ao seu peso dentro da demanda final da nosa economía (Muñoz Ciudad, 2000). A escolla de operacións e cálculos realizados segue como norma xeral o establecido polo Instituto Galego de Estatística (2010) para a análise das táboas input-output correspondentes ao ano 2005. Con isto non se busca en ningún caso unha adhesión acrítica a dita metodoloxía, senón a posibilidade de establecer comparacións co maior rigor posible, sen prexuízo das salvedades realizadas ao longo do texto.

O texto estrutúrase da seguinte maneira. No apartado 2, repasaremos a evolución das principais magnitudes da economía galega co obxectivo de contextualizar as relacións de interdependencia entre as ramas da economía galega e das mesmas co exterior. No apartado 3 abordaremos as relacións de interdependencia entre ramas de actividade no seo da economía galega ponderando as mesmas polo seu peso na demanda final. No apartado 4, resúmense brevemente as relacións destas ramas de actividade co exterior da economía galega. No apartado 5 establécense unha serie de conclusións.

2. Evolución das principais magnitudes da economía galega 2005-2011


2.1 Introducción

O marco temporal ao que se refire a nosa análise sobre as relacións de interdependencia entre as diferentes ramas da economía galega pensamos ten, ao noso ver, especial interese. O período 2005-2011 inclúe os últimos anos do ciclo de crecemento económico iniciado a mediados da década dos 90 e baseado nun réxime de acumulación financiarizado (Chenais, 2003; López e Rodríguez, 2010; Lapavitsas, 2009 e 2016). Ademais, tamén comprende a fase máis dura da crise que comezou en Estados Unidos en 2007-2008, cuxos efectos non chegaron a Galicia (en termos de contracción do PIB) ata o ano 2009. No presente apartado tentamos establecer unha imaxe xeral sobre as tendencias da economía galega neste período para facilitar unha mellor interpretación dos resultados referidos aos encadeamentos produtivos que se analizan no apartado seguinte na liña doutros traballos xa realizados encol dos primeiros efectos da crise sobre a economía galega (González Laxe, 2010).

2.2 Evolución do VEB e o emprego

En Galicia, o panorama xeral para o período 2005-2011 pode dividirse tamén en dúas fases claramente diferenciadas. Unha primeira fase comprende os anos 2005-2008, os últimos do ciclo de crecemento económico. Nela obsérvase un incremento claro do Valor Engadido Bruto en termos correntes e máis moderado en termos reais o cal tiña un correlato aínda máis modesto no que se refire á xeración de postos de traballo.


A partir do ano 2008 o crecemento do Valor Engadido Bruto desacelérase primeiro e deixa paso despois a unha contracción, ata tocar fondo no ano 2012 en termos correntes (2013 en termos reais). Por outra parte, o emprego derrubouse cunha virulencia moito maior que o VEB sen apenas chegar a recuperar terreo en torno ao ano 2016. Resultará interesante, pois, examinar que cambios teñen posibilitado o feito de ser a economía galega capaz de recuperar, mesmo en termos reais a partir de 2015, os seus niveis de xeración de riqueza previos á crise empregando unha cantidade de traballadores sensiblemente inferior.



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Contas Económicas de Galicia (Base 2010) e Índice de Prezos ao Consumo (Base 2011).

Centrándonos en concreto no período 2005-2011, os datos mostran que no conxunto destes 6 anos deuse unha variación practicamente nula, un estancamento, do VEB a prezos correntes no sector primario e nas industrias manufactureiras. Os maiores retrocesos atopámoslos no sector da construción, en tanto que principal rama afectada pola crise, e nas industrias extractivas, nas cales se nota o efecto do peche das minas de As Pontes e Meirama en 2007 e 2008, respectivamente. Por último, só as ramas da enerxía e dos servizos vén incrementado significativamente o seu VEB en termos correntes (gráfico 2.2). No caso da enerxía, non pode ser obviada a escalada conxuntural de prezos operada desde os últimos compases do ciclo de crecemento económico e durante os primeiros anos da crise. Nos servizos, en cambio, estamos ante a profundización dunha tendencia á terciarización da economía galega, xa observada desde décadas anteriores.

Gráfico 2.2. Valor Engadido Bruto a prezos correntes e postos de traballo por sectores no ano 2011. 2005=100.



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Contas Económicas de Galicia (Base 2010).

En termos absolutos, a consecuencia lóxica da dinámica descrita non é outra que unha maior terciarización da economía galega, tanto en termos de valor engadido como de emprego (táboa 2.1).

Táboa 2.1. Peso relativo no Valor Engadido Bruto (prezos correntes) e nos postos de traballo dos sectores na economía galega. Anos 2005 e 2011 (%)

	Valor Engadido Bruto		Postos de traballo	
	2005	2011	2005	2011
Sector primario	5,23	4,78	9,91	7,95
Industrias extractivas	0,78	0,39	0,58	0,46
Industria manufactureira	15,76	13,54	14,84	13,02
Enerxía	2,73	3,90	0,22	0,21
Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	0,42	0,54	0,38	0,51
Construción	15,08	11,52	11,99	8,83
Servizos	60,00	65,34	62,07	69,02

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Contas Económicas de Galicia (Base 2010).


Máis alá desas de explicacións a esta tendencia de fondo como son a Lei de Engel ou o Mal de Baumol, existen outras moito máis vinculadas coas relacións de interdependencia entre as diferentes ramas de actividade e que

resultan por tanto máis interesantes para o noso estudo. Rubalcaba-Bermejo (1999) emprega o concepto de “Serviindustria” como maneira de expoñer que xa non ten sentido estudar a economía e a composición da estrutura económica en base ás fronteiras sectoriais convencionais (actividades primarias, secundarias e terciarias), en particular cando falamos de actividades industriais e de servizos, dado o seu crecente entrelazamento. As razóns para a aparición e consolidación deste fenómeno poden ser clasificadas en dous tipos.

En primeiro lugar, atopamos os factores relacionados coa necesidade de dar continuidade ao proceso de valorización do capital. En concreto, semella que a través da externalización de servizos por parte de moitas empresas o que estas logran é o establecemento de economía de capital constante (emprego común de medios de traballo, edificios, man de obra, coñecemento) en virtude das cales estas poden obtelos a un menor coste e por tanto soste as súas taxas de ganancia (Vence Deza, 1995). E é que, desde unha perspectiva do valor de cambio, as innovacións organizativas, malia estaren ás veces eclipsadas pola aparición de novas tecnoloxías, formaron e forman parte da obtención de maiores rendibilidades durante toda a historia do capitalismo (Harvey, 2010). En segundo lugar, aparecen as razóns relacionadas con certos requirimentos técnicos derivados do esquema posfordista de produción e dunha demanda cada vez máis dinámica e diversificada. Ante a crecente necesidade de competir en diferenciación e de introducir e novo coñecemento moitas empresas acoden a estes subministradores comúns ante a imposibilidade de teren internalizadas as actividades necesarias para a obtención destes insumos. Ademais, a través das externalizacións as empresas logran adaptar dunha maneira moito máis flexible os seus procesos produtivos aos requirimentos da demanda conseguindo polo xeral ademais un maior grao de sometemento da súa forza laboral.

A contraparte desta historia protagonízana en boa medida a construción e as ramas industriais manufactureiras, as cales copan os postos de menor crecemento tanto no que ao VEB como ao emprego se refire. Detrás disto nun contexto de crise poden confluír varios factores. Unha primeira explicación podemos atopala na intensidade tecnolóxica e no emprego do coñecemento na industria galega. En efecto, a literatura sinala como o modelo produtivo no que se asentou o ciclo de expansión da economía galega estivo “nesgado cara actividades pouco intensivas en coñecemento e tecnoloxía” (Vence Deza, 2010). Dada a libre mobilidade do capital e a ampla dispoñibilidade de forza de traballo, o coñecemento necesario para realizar os procesos produtivos actúa a modo de áncora que os fixa sobre o territorio dado que a súa transmisión dun contexto a outro non é doada nin inmediata (Vence Deza, 2007). Tal concepción da dinámica industrial parece atopar a súa confirmación na observación empírica (gráfico 2.3).

Gráfico 2.3. Peso do emprego nas industrias de alta e media-alta tecnoloxía na UE – 28, UE- 15, España e Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat Database.

Unha segunda hipótese sobre o declive industrial galego durante o período de crise que transcende ao meramente mercantil, podémola atopar na propia dinámica do Sistema Galego de Innovación (SGI), e en concreto na articulación interna dos procesos de innovación no seo do tecido produtivo e entre este e o resto de actores que operan no territorio. Tal e como sinala Lundvall (2007), as estruturas de mercado non son “puras” e baseadas na racionalidade neoclásica, senón que nelas inflúe unha combinación de elementos de “confianza, lealdade e relacións de poder”. Máis en concreto, nun contexto de crecente mundialización da economía, os factores de competitividade concéntranse cada vez máis en torno á capacidade social dos territorios (Vence, 2007), na liña do xa apuntado anteriormente. Este arraigo ao territorio do coñecemento, ademais, non se deriva só dos efectos positivos da proximidade xeográfica, senón que nel opera tamén a proximidade en termos históricos, socioeconómicos, culturais, organizacionais, etc. (Navarro Arancegui, 2009).

Tal dinámica pode sinalar unha inclinación cara a competitividade en custos e non en diferenciación, a cal presenta moitos máis problemas ante perturbacións económicas, e ausencia de horizontes de medio-longo prazo nos investimentos. A isto cabe engadir que a propiedade de moitas empresas galegas (non só industriais) foi pasando a mans de capitais foráneos antes e despois do estoupido da crise (Lemos, 2018), o cal podería ter erosionado tamén a súa ligazón co territorio.

2.3 Tendencias na especialización produtiva no contexto español e europeo

En termos relativos, o estudo da especialización produtiva da economía galega respecto do Estado español e da Unión Europea permite completar a imaxe obtida a través do estudo da evolución do VEB e o emprego, situando a mesma nun contexto máis amplo¹

¹ Para o cálculo dos coeficientes empregáronse as estatísticas de Valor Engadido Bruto desagregado a 10 ramas, dada a imposibilidade de conseguir directamente datos homoxéneos a un maior nivel de desagregación.

No contexto do Estado atopámonos cunha economía especializada no sector primario, no secundario en sentido amplo e nas actividades xestionadas desde as administracións públicas, non tendo mudado este perfil substancialmente coa crise económica (táboa 2.3). Este perfil insírese nunha dinámica de máis longo prazo na cal a posición de Galiza na división do traballo a nivel español tendeu a facerse nas décadas recentes máis complexa (López Iglesias, 2016).

No contexto europeo o esquema de especialización produtiva mantense moi semellante ao que se presenta respecto do Estado español, coa salvedade das industrias non manufactureiras. A diferenza fundamental neste caso é o grao de especialización ou desespecialización mostrado, sendo que os servizos ás empresas e as actividades inmobiliarias presentan unha desespecialización máis aguda no contexto europeo, mentres que o sector primario e a construción presentan niveis de especialización sensiblemente superiores (táboa 2.2).

Táboa 2.2. Especialización produtiva da economía galega respecto da española e a da Unión Europea-15 medida a través do Valor Engadido Bruto. (España=100; UE 15=100).

	España		Unión Europea	
	2005	2011	2005	2011
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	175,95	196,57	341,83	325,79
Industrias extractivas; subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor y aire acondicionado; subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos y descontaminación	135,71	119,77	21,48	25,35
Industria manufactureira	109,94	114,46	105,64	100,44
Construción	106,63	118,80	204,49	162,47
Comercio al por maior y al por menor; reparación de vehículos de motor y motocicletas; transporte y almacenamento; hostaleira	90,56	95,63	108,35	117,88
Información y comunicación	71,67	63,03	64,70	55,80
Actividades financeiras y de seguros	85,94	88,79	72,30	67,18
Actividades inmobiliarias	83,20	79,43	60,08	74,81
Actividades profesionais, científicas y técnicas; actividades administrativas y servicios auxiliares	76,18	71,77	49,75	50,02
Administración pública y defensa; seguridade social obrigatoria; educación; actividades sanitarias y de servicios sociais	109,74	106,18	95,97	102,05
Actividades artísticas, recreativas y de lecer; reparación de artículos de uso doméstico y outros servicios	91,66	92,59	101,76	108,00

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Contabilidad Regional de España e Eurostat Database.

A galega polo xeral aparécesenos como unha economía especializada fundamentalmente en industrias de baixo contido tecnolóxico (só matizado polo gran peso de PSA-Citröen, o cal explica o dato obtido con relación a España) e nas actividades de servizos menos intensivas en coñecemento.

A partir dos datos presentados no anterior apartado e no presente, resulta posible construír unha clasificación que resuma a dinámica das grandes agrupacións de ramas da economía galega durante o período 2005-2011 atendendo a dous criterios. Por unha banda, tomamos a evolución do peso relativo destas ramas no VEB da economía galega. Por outra, consideramos a evolución da especialización produtiva nas diferentes ramas dentro do contexto estatal. O resultado son os catro tipos de ramas económicas recollidos na táboa 2.3.

- As ramas de tipo I son aquelas cuxo comportamento resultou positivo en termos relativos dentro da economía galega entre 2005 e 2011 e mellor que o das súas homólogas estatais. Encádrase aquí fundamentalmente o comercio e outros servizos de menor peso. Ambos tipos de ramas sumaban para 2011 o 25,77% do VEB e o 37,50% das persoas empregadas.
- No tipo II temos aquelas ramas que, se ben gañan peso na economía galega, avanza por debaixo da media estatal. Entran aquí a meirande parte dos servizos ás empresas e os servizos públicos, ademais das industrias extractivas e as ramas da enerxía. Supuñan o 38,58% do VEB galego e nelas encadrábanse o 37,50% das persoas ocupadas na altura de 2011.
- As ramas da información e as comunicacións son as que sen dúbida presentan un peor desempeño durante o período estudado (tipo III), caendo en importancia dentro da economía galega (onde xa tiñan un peso relativo moi reducido) e cunha evolución peor que no Estado. No ano 2011 estas ramas supuñan o 2,74% do VEB e o 1,37% do emprego.
- Por último, nas ramas de tipo IV atopamos aquelas que, se ben viron reducido o seu peso na economía galega, melloran en relación coa media do Estado español. Encádranse aquí as actividades financeiras, o sector primario, a construción e a industria manufactureira. Estas ramas suman o 32,91% e o 23,63%.

Táboa 2.3. Tipoloxía de ramas de actividade segundo a evolución do seu VEB a prezos correntes e da especialización produtiva da economía galega respecto da española entre os anos 2005 e 2011

	Cae a especialización produtiva respecto a España	Medra a especialización produtiva respecto a España
Medra o peso no VEB total de Galicia	<p><u>Tipo II:</u> Actividades inmobiliarias</p> <p>Actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares</p> <p>Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria; educación; actividades sanitarias e de servizos sociais</p> <p>Industrias extractivas; subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado; subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación</p>	<p><u>Tipo I:</u> Actividades artísticas, recreativas e de lecer; reparación de artigos de uso doméstico e outros servizos</p> <p>Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas; transporte e almacenamento; hostalaría</p>
Cae o peso no VEB total de Galicia	<p><u>Tipo III:</u> Información e comunicacións</p>	<p><u>Tipo IV:</u> Actividades financeiras e de seguros</p> <p>Agricultura, gandería, silvicultura e pesca</p> <p>Construción</p> <p>Industria manufactureira</p>

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Contabilidad Regional de España.

Temos pois que os sectores que presentan un maior dinamismo, tanto no seo da economía galega como no contexto estatal (tipo I), foron fundamentalmente aqueles ligados ás economías urbanas e pouco intensivos en coñecemento (caso do comercio). Ademais, podemos observar como a terciarización da economía galega non avanzou ao ritmo marcado pola economía española na meirande parte das ramas máis ligadas aos procesos de innovación (tipo II e III). Polo contrario, conséntase como o paso da crise levou a unha maior especialización produtiva en sectores maduros, como a industria manufactureira, o sector primario e a construción, se ben neste último caso poderíamos estar ante unha certa distorsión dado o papel decisivo da obra pública nesta rama da economía.

2.4 Produtividade do traballo

A nivel global, a produtividade do traballo² na economía galega medrou no período 2005-2011 a un ritmo semellante á media española (táboa 2.4), o cal nos deixa un primeiro gran efecto xeral da crise económica en ambas realidades. En termos comparativos coa economía española, prodúcense avances na produtividade maiores no sector primario, no comercio, actividades financeiras, actividades inmobiliarias e nas actividades de información e comunicacións. Pola súa banda, as actividades industriais, a construción, e o sector público presentan evolucións moi semellantes ás experimentadas por estas ramas no Estado español.

Táboa 2.4 Evolución da produtividade do traballo na economía galega e na española 2005-2011 (2005=100)

	España	Galicia
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	117,56	133,32
Industrias extractivas; suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado; suministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	135,34	127,74
Industria manufactureira	127,30	125,75
Construción	134,73	133,33
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas; transporte e almacenamento; hostaleira	114,74	118,56
Información e comunicación	99,92	105,30
Actividades financeiras e de seguros	101,81	107,36
Actividades inmobiliarias	138,74	145,23
Actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares	111,79	103,38
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria; educación; actividades sanitarias e de servizos sociais	119,20	116,40
Actividades artísticas, recreativas e de lecer; reparación de artigos de uso doméstico e outros servizos	117,97	118,50
Total	122,77	123,18

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Contabilidad Regional de España.

² Calculado como Valor Engadido Bruto/Horas traballadas

Por último, cabe comentar o avance menor en termos comparativos da rama de actividades profesionais, científicas, técnicas, actividades administrativas e servizos auxiliares. Nela agrúpanse boa parte dos Servizos ás Empresas Intensivos en Coñecemento. A importancia deste tipo de servizos radica na súa capacidade para dinamizar ao conxunto do tecido económico, operando como unha sorte de segunda infraestrutura do coñecemento máis alá de institucións como as universidades ou os centros de investigación. Así mesmo, son capaces de captar coñecemento xerado fóra do territorio onde se insiren e formular a súa aplicación a escala local ou rexional. Vence Deza e González López (2009) sinalan nesta liña que:

O carácter exportable dos SEIC unido ao seu papel clave como portador de coñecementos e interfaz nos sistemas de innovación, confire a estes servizos unha importante potencialidade como canles de incorporación de coñecemento externo a un sistema de innovación. (páx. 192).

O deterioro relativo da súa produtividade, que constatamos tamén na táboa 2.7, pode estar moi relacionado cos resultados empíricos obtidos por estes dous autores na súa investigación:

(...) os servizos que se mercan no exterior adoitan ter un perfil menos rutineiro e un maior nivel de especificidade, sendo posiblemente tamén «máis intensivos» en coñecemento. Por contra, no ámbito local ou galego (especialmente no primeiro), adóitase mercar en maior medida servizos de carácter máis xeneralista (Vence Deza e González López, 2009, páx. 194).

Como consecuencia desa evolución, o nivel relativo da produtividade do traballo nas diferentes ramas da economía galega respecto á media estatal non mudou no fundamental (táboa 2.5). O sector primario, a industria manufactureira, o comercio e as actividades profesionais, científicas e técnicas, actividades administrativas e servizos auxiliares mantiveron niveis inferiores á media estatal. Incluso no caso das actividades profesionais a produtividade viuse deteriorada.

Táboa 2.5. Produtividade do traballo nas diferentes ramas da economía galega respecto á media estatal. Anos 2005 e 2011 (media española en cada rama = 100)

	2005	2011
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	74,14	84,08
Industrias extractivas; suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado; suministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	117,81	111,19
Industria manufacturera	86,50	85,44
Construción	97,16	96,14
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas; transporte e almacenamento; hostaleira	85,39	88,24
Información e comunicacións	100,68	106,10
Actividades financeiras e de seguros	92,31	97,34
Actividades inmobiliarias	131,07	137,20
Actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares	90,14	83,35
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria; educación; actividades sanitarias e de servizos sociais	104,05	101,62
Actividades artísticas, recreativas e de lecer; reparación de artigos de uso doméstico e outros servizos	87,13	87,53
Valor engadido bruto total	88,16	88,45

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Contabilidad Regional de España.

3. Análise das relacións intersectoriais e as súas mudanzas no período 2005-2011

3.1 Introducción

As primeiras análises das ligazóns entre ramas de actividade realizadas tomando como base táboas input-output son atribuíbles a Hirschman, Chenery e Watanabe (del Castillo Cuervo-Arango, 1988). En concreto, a partir das nocións destes últimos dous autores teñen sido cuantificadas as relacións entre ramas de actividade a través dos conceptos de “encadeamentos directos” e “encadeamentos totais” (Fernández e Fernández Grela, 2003; IGE, 2010). Porén, a este estudo unicamente das relacións entre sectores económicos pódenselle realizar tres observacións fundamentais (Muñoz Ciudad, 2000, páx. 243):

- Os coeficientes técnicos e de distribución (a partir dos cales se miden os encadeamentos directos) miden relacións directas entre ramas. Obvian, por tanto, as relacións que entre os sectores que non se producen de xeito mediado.
- Este tipo de indicadores non teñen en conta o peso no VEB ou no emprego das ramas ás que van asociados.

- Non existe ningunha medida de dispersión. Isto quere dicir que non sinalan se o grao de encadeamento cara adiante ou cara atrás que unha determinada rama presenta ven dado por unha interrelación moi forte cunha única rama ou con moitas á vez.

Estes indicadores, por tanto, non recollen adecuadamente o papel que cada rama xoga na economía galega. É preciso complementalos pois con indicadores que procuren a superación das súas eivas. O método proposto tanto por Fernández e Fernández-Grela (2003) como polo propio Instituto Galego de Estatística (2010) son os coñecidos coeficientes de Rasmussen. Para o estudo dos encadeamentos cara atrás empregaremos os denominados índices de poder de dispersión e para os encadeamentos cara adiante os índices de sensibilidade de dispersión.

Seguindo a notación empregada polo IGE (2010, páx. 39) na análise do marco input-output de 2005, podemos definir o índice de poder de dispersión como:

$$U_j^P = \frac{\sum_i \alpha_{ij}^R D_i^R}{\sum_i D_i^R} \bigg/ \left(\frac{1}{n} \right) \sum_j \frac{\sum_i \alpha_{ij}^R D_i^R}{\sum_i D_i^R}$$

Onde α_{ij} é un elemento da matriz inversa de Leontief e D_i^R o valor da demanda final da rama i da produción galega. Deste xeito, no numerador temos a utilización media que a rama j fai de produtos doutras ramas e no denominador o valor medio dos coeficientes do numerador. Desta maneira, se o valor de U_j^P é maior que 1, indicará que a rama j ten un poder de dispersión (e polo tanto unas ligazóns ponderadas cara atrás con outras ramas) superiores á media.

Da mesma maneira, definimos o índice de sensibilidade de dispersión como:

$$U_i^S = \frac{\sum_j \beta_{ij}^R D_j^R}{\sum_j D_j^R} \bigg/ \left(\frac{1}{n} \right) \sum_i \frac{\sum_j \beta_{ij}^R D_j^R}{\sum_j D_j^R}$$

Onde β_{ij} é un elemento da matriz de inversa de Ghosh e D_j^R o valor da demanda final da rama j na produción galega. Seguindo a explicación do índice de poder de dispersión, no numerador temos o valor medio do que outras ramas empregan da rama i e no denominador o valor medio dos coeficientes do numerados. Se o valor

de U_i^S é superior a 1, isto indica que a rama i ten unha sensibilidade de dispersión (e polo tanto unhas ligazóns ponderadas cara adiante) superiores á media.

As vantaxes que ofrece o modelo proposto por Rasmussen residen en ser capaz de considerar todos os efectos dunha rama sobre o resto da economía, en delimitar con precisión os sectores estratéxicos e en que permite realizar comparacións entre as estruturas produtivas de dous ou máis territorios. Pese a isto, o propio Rasmussen sinala unha serie de limitacións da súa proposta. En primeiro lugar, existe un problema á hora de establecer o criterio de ponderación do peso das ramas. En consecuencia, a definición dos sectores clave dunha economía pode variar en función do criterio elixido, e do problema sobre o que se quere pór o foco, como sucede noutros modelos como o de Hazari. Ademais, en sectores nos que a demanda final teña pouco peso respecto dos consumos intermedios empregados resulta máis interesante estudar as consecuencias do aumento destes últimos (Soza Amigo, 2007, páxs. 33-34). Por último, os índices propostos por Rasmussen non solucionan a cuestión da medición da dispersión das relacións dunha determinada rama co resto.

A partir dos valores presentados polas diferentes ramas para ambos índices é posible construír unha tipoloxía de sectores, que pondera o seu peso na demanda final e a intensidade das relacións con outros sectores de actividade (IGE, 2010, páx. 40):

- Sectores clave: son aqueles que presentan valores superiores á unidade para os dous índices. Estes son importantes demandantes e oferentes dentro da economía galega.
- Sectores básicos: son os que presentan valores superiores á unidade para o índice de sensibilidade de dispersión, pero menores que a unidade para o índice de poder de dispersión. Trátase de sectores cunha orientación da produción cara á demanda intermedia, e que polo tanto teñen fortes encadeamentos cara adiante pero débiles cara atrás.
- Sectores motores: son os que presentan valores superiores á unidade para o índice de poder de dispersión, pero menores que a unidade para o índice de sensibilidade de dispersión. É dicir, sectores orientados cara á demanda final, e polo tanto con encadeamentos débiles cara adiante, pero que teñen fortes encadeamentos cara atrás.
- Sectores independentes: rexistran valores menores que a unidade para os dous índices, e polo tanto están pouco relacionados co resto dos sectores da economía galega.

Ao estar calculados os coeficientes en termos interiores, o resultado desta clasificación cataloga as ramas segundo o seu grao de integración no aparello produtivo da comunidade autónoma, xa sexa como demandantes ou como abastecedores de produtos intermedios elaborados en Galicia (Fernández Redondo, 2001).

3.2 Situación existente en 2005

A imaxe obtida para o ano 2005 aparece representada no gráfico 3.1. Debemos sinalar que na construción do gráfico foi omitida a rama de saneamento público de non mercado (R90NM) co obxectivo de gañar en claridade³. No 2005, atopamos dentro dos sectores clave en primeiro lugar ás ramas ligadas á construción (construción e actividades inmobiliarias). Xunto con elas aparecen industrias de sectores maduros, como a fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques, fabricación doutro material de transporte (construción naval) e a metalurxia (ligada fundamentalmente coas plantas de Alcoa da Coruña e San Cibrao). A maiores, cabe destacar a presenza da rama de fabricación de produtos químicos e farmacéuticos, como excepción á regra dentro do tecido industrial galego e que dá conta do bo desempeño industrial da nosa economía durante o ciclo de crecemento económico. Por último, entra dentro dos sectores clave a produción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente.

Nos sectores básicos destaca a presenza das ramas de servizos ás empresas, que desprazan en boa medida ás consideradas como “industrias básicas” como principais provedoras de insumos intermedios. Tal fenómeno dá conta de que antes da crise económica xa predominaba en Galicia unha organización industrial difusa (Domínguez Sánchez-Pinilla, 2009) que tiña como base cada vez máis o conxunto do territorio, e nomeadamente os espazos urbanos:

Xunto con ese tipo de actividades aparecen ramas asociadas ao subministro de insumos para a construción: fabricación de mobles, fabricación doutros produtos minerais non metálicos e industria da madeira. Isto dá conta da importancia que para a economía galega tiña o complexo creado en torno ás actividades de construción, o cal transcendía con moito ás súas actividades máis “emblemáticas”. A maiores, dentro deste tipo de sectores continuaban aparecendo as xa mencionadas industrias básicas, coa presenza das ramas de fabricación de produtos metálicos e de maquinaria e equipo mecánico. Por último, non debemos deixar de mencionar a presenza entre os sectores básicos da economía galega previa á crise das industrias extractivas, en boa medida relacionadas coas minas de As Pontes e Meirama e as súas respectivas centrais térmicas.

Entre os sectores motores destacan, en primeiro lugar, as actividades de educación e sanidade de non mercado, o cal, unido á presenza da rama de Administración Pública, Defensa e Seguridade Social Obrigatoria dentro dos sectores clave, permite ver a importancia do sector público na economía galega previa á crise e os seus resortes de intervención. Tamén é de destacar neste sentido a presenza das actividades sanitarias de mercado, dependentes en boa medida dos concertos e mesmo dos profesionais da sanidade pública. Ademais,


³ Unha clasificación detallada das ramas de actividade incluídas nas tipoloxías de sectores clave, básicos e motores é ofrecida nas táboas I, II e III do anexo.

aparecen encadradas aquí industrias lixeiras ligadas fundamentalmente con dous tipos de actividades: as agroalimentarias e a industria da confección. Por último, temos as actividades de saneamento público que, como xa vimos anteriormente, presentaban altos encadeamentos directos e totais cara atrás. Finalmente, 30 das 73 ramas de actividade nas que se dividía a economía galega no marco input-output 2005 estaban clasificadas como sectores independentes.

Temos pois que a economía galega no ano 2005 ficaba dependente no fundamental de:

- A saúde económica das cidades e áreas urbanas.
- As decisións estratéxicas dun reducido número de compañías cuxo centro de decisión polo xeral se sitúa fóra de Galicia (PSA-Citröen, Alcoa ou as compañías enerxéticas).
- A evolución da industria lixeira ligada ao complexo agroalimentario e á confección.
- A consolidación ou non de novas ramas industriais punteiras como a industria química e farmacéutica.
- As decisións de gasto realizadas polo sector público, especialmente se temos en conta que ademais a sanidade e a educación aparecen nas nosas análises como sectores motores con gran capacidade de arrastre na demanda interna.

Gráfico 3.1. Tipoloxía das ramas da economía galega segundo a intensidade dos encadeamentos en 2005



Fonte: Elaboración propia a partir do Marco Input-Output de Galicia 2005.

3.3 Resultados para 2011


A clasificación das ramas en claves, básicas, motores e independentes no ano 2011 reflíctese no gráfico 3.2, para cuxa construción foron excluídas (dados os valores extremos dos seus índices) as ramas de saneamento e xestión de residuos de non mercado (R37_38NM) e a de actividades relacionadas co emprego (R78).

Encol da mesma, podemos observar en primeiro lugar a aparición de novos sectores clave na economía galega. Estas novas incorporacións obedecen a dous patróns diferenciados. Por unha banda, aparecen servizos ás empresas que antes da crise constaban como sectores básicos (servizos de comidas, transporte terrestre, almacenamento e actividades anexas ao transporte). Por outra, incorpóranse aquí ramas industriais que vén incrementada a intensidade dos seus encadeamentos cara adiante e/ou cara atrás (conservas de peixe, refino de petróleo). Ademais, o seu carácter relativamente contracíclico permítenlle ás actividades de agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados situarse tamén como sector clave. Perden importancia, en cambio, as ramas da metalurxia e da fabricación de produtos químicos e farmacéuticos. O esquema de economía urbana-fabricación de coches-sector público faise máis complexo.

Desaparecen toda unha serie de sectores básicos, que pasan a ser independentes:

- Dunha banda certos servizos, moitos deles orientados fundamentalmente ás empresas: actividades informáticas, reciclaxe, telecomunicacións, transporte marítimo e a venda e reparación de vehículos de motor.
- Doutra, diversas ramas industriais:
 - Ligadas ao subministro para outras actividades industriais: fabricación de maquinaria e material eléctrico, industria da construción de maquinaria e equipo mecánico.
 - Ligadas á construción: fabricación de mobles, industria da madeira e da cortiza.

Gráfico 3.2. Tipoloxía das ramas da economía galega segundo a intensidade dos encadeamentos en 2011



Fonte: Elaboración propia a partir do Marco Input-Output de Galicia 2011.

Nos sectores motores hai un menor número de cambios. En primeiro lugar entran a metalurxia e a industria química e farmacéutica que viñan de ser un sector clave no ano 2005. Isto podería estar indicando, na liña do xa sinalado, unha caída dos encadeamentos cara adiante de industriais subministradoras de bens de equipo ou de insumos industriais dada a caída da industria manufactureira durante a crise económica e que poderían estar buscando cada vez máis unha orientación exportadora. En segundo lugar desaparecen as actividades sanitarias, veterinarias e de servizos sociais de non mercado, rama que pasa a ser clave.

Respecto dos sectores independentes, debemos sinalar que estes pasaron de ser 30 das 73 ramas da economía estudadas no marco input-output para Galicia no ano 2005 a ser 32 de 71. Polo tanto, pódese afirmar que a crise non só supuxo unha caída do emprego en Galicia e un estancamento na evolución do noso VEB. Os efectos da crise foron máis alá, destruíndo as interrelacións entre sectores de actividade e facendo da nosa unha economía máis atomizada. Isto nos dá unha imaxe máis completa das consecuencias do derrubamento do sector da construción e en xeral das economías urbanas e do retroceso da actividade do sector público.

3.4 Principais mudanzas constatadas no período 2005-2011

En primeiro lugar, debemos destacar o crecemento do peso das ramas consideradas como clave, tanto no que se refire ao emprego como ao Valor Engadido Bruto. En paralelo, obsérvase unha caída do peso dos sectores motores e básicos (táboa 3.1). A crise económica semella ternos deixado unhas relacións produtivas máis complexas, froito da necesidade de introducir innovacións organizacionais para tentar retomar o crecemento das taxas de ganancia. Cada vez existen menos ramas con ligazóns ponderadas fortes só de oferta (sensibilidade de dispersión) ou só de demanda (poder de dispersión).

Unida ao aumento do desemprego (exército industrial de reserva), esta reorganización da maneira de producir levou a unha erosión das relacións salariais, permitindo en certa maneira ensaiar a estratexia de saída da crise liderada polas exportacións e baseada na competencia en custes dentro do ámbito español e europeo.

Táboa 3.1. Peso dos diferentes tipos de sectores no Valor Engadido Bruto e no emprego, anos 2005 e 2011

	Peso no VEB		Peso no emprego	
	2005	2011	2005	2011
Sectores Clave	50,32	59,93	40,64	52,17
Sectores Motores	15,01	10,52	14,97	11,29
Sectores Básicos	18,75	13,18	19,45	16,23
Sectores Independentes	15,92	16,37	24,94	20,31

Fonte: Elaboración propia a partir do Marco Input-Output de Galicia 2005 e 2011.

Os primeiros anos da crise deixan ante nós unha realidade complexa no que se refire ás ramas con maior influencia na dinámica da economía galega. Por unha banda, atopámonos cunha estrutura económica cuxo desempeño depende en boa medida da evolución de ramas situadas fundamentalmente nos espazos urbanos. Na liña do sinalado por autores como Brenner (2017), as cidades e rexións xogan un papel fundamental e insírense en redes que transcenden ás súas respectivas economías nacionais, cousa que resulta evidente no contexto da Unión Europea. Ademais das ramas ligadas á construción, que pese a ter perdido peso no VEB e no emprego conservan poderosos efectos de arrastre no resto da economía, aparecen unha serie de servizos ás empresas e o sector público. Porén, coa excepción das actividades sanitarias e do ensino universitario, estes servizos non son en xeral intensivos no uso de coñecemento, o cal supón unha carencia á hora de encetar procesos de innovación e polo tanto limita o potencial de crecemento da nosa economía.

A cabalo entre o mundo urbano e o rural, as actividades industriais sufriron un certo reordeamento coa caída do peso nas interrelacións sectoriais de industrias básicas ligadas á fabricación de bens de capital e as subministradoras de insumos para a construción. Polo demais mantense un panorama dominado por actividades industriais de relativamente baixo contido tecnolóxico coas excepcións da fabricación de vehículos a motor, a industria química e farmacéutica.


Por último, non podemos deixar de facer mención á entrada dentro dos sectores clave da agricultura, ganderaría, caza e servizos relacionados con elas. Isto pode resultar contraditorio coa visión dunha Galicia que ten deixado atrás o seu pasado agrario. En boa medida é así, véxanse os datos relativos ao seu peso no Valor Engadido Bruto e no emprego. Pero o dato que acabamos de comentar se cadra matiza esta realidade, no sentido de que vén lembrarnos a importancia que as actividades agrarias continúan a ter no devir da economía galega, e sobre todo as oportunidades para un desenvolvemento sectorial e territorialmente equilibrado que presentan. Esta idea refórzase se temos en conta a importancia xa descrita das industrias alimentarias.

4. Comercio exterior (interrexional e internacional): caracterización e novidades no período 2005-2011

4.1 Participación do comercio exterior no PIB

Ao ser a de Galicia unha economía de carácter rexional, resulta normal que o comercio exterior teña un peso relativo superior dentro da nosa produción (Fernández Leiceaga e López Iglesias, 2000). Porén, o que resulta salientable é a dinámica diferencial da economía galega dentro do Estado español. Durante o ciclo económico expansivo o peso das exportacións no PIB galego presentou unha evolución claramente crecente, fronte a un estancamento e mesmo descenso da media estatal. A crise supuxo un punto de inflexión claro a este respecto, dando lugar a un estancamento da aportación do comercio exterior ao PIB galego, á par dun claro incremento no caso español; e isto a pesar da recuperación dese indicador que se constata desde 2010 (gráfico 4.1). Neste sentido, podería afirmarse que a crise económica veu truncar unha dinámica máis “europea” da economía de Galicia. Ademais, dada a contracción das importacións, a nosa economía viu reducida considerablemente a súa taxa de apertura respecto dos valores previos á crise (gráfico 4.2).


Gráfico 4.1. Peso relativo das exportación de bens e servizos sobre o PIB de Galicia, España e a Unión Europea – 28. Datos a prezos correntes 1995-2016



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Contas económicas de Galicia. Base 2010 e Eurostat Database, GDP and main components.

Respecto da distribución do comercio galego entre os intercambios interrexionais e os internacionais atopamos unha clara tendencia de fondo en virtude da cal a nosa economía foi substituíndo os fluxos comerciais co resto do Estado español por aqueles realizados coa Unión Europea e, en menor medida, co resto do Mundo (gráfico 4.3). Por outra parte, hai que sinalar que ata a crise económica era unha constante que as nosas exportacións estaban máis ligadas aos mercados estatais que as importacións. Feito que se explica pola necesidade de importar do resto do Mundo produtos enerxéticos e tamén por estar englobadas neste capítulo as entradas dos produtos do mar (Rodil Marzábal, 2009). A crise rematou con esta tendencia, converxendo a proporción das exportacións interrexionais cos valores das importacións (gráfico 4.2). A fortísima caída da demanda no Estado español semella ter consolidado a tendencia das empresas galegas a buscar vías de crecemento máis alá das fronteiras estatais.

Gráfico 4.2. Evolución da distribución das importacións e as exportacións galegas entre o comercio interrexional e o comercio internacional 1998-2013



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Marco input-output para os anos 1998, 2005, 2008, 2011 e actualización do Marco input-output 2013.

4.2 Taxa de cobertura interrexional e internacional


A taxa de cobertura⁴ resulta un bo indicador para o estudo dos puntos fortes e febles da competitividade dunha economía atendendo á súa inserción exterior. Os resultados para a economía galega sobre a evolución no período 1998-2013 mostran unha dinámica en forma de U, cunha caída da taxa de cobertura ata os últimos anos do ciclo de crecemento económico e unha recuperación clara desde entón. Tal imaxe refórzase aínda máis se temos en conta que a taxa de cobertura global para o ano 1990 era do 99,83% (Fernández Leiceaga e López Iglesias, 2000, páx. 333); de tal modo que o deterioro desta taxa prolongouse no período 1990-2005, para deixar paso a unha mellora continua na última década.

Esa evolución global é o resultado de dúas tendencias dispares. Por unha banda, obsérvase no período 1998-2013 unha clara e continuada mellora da taxa de cobertura no comercio co resto do Estado, o cal indica que

⁴ Calculada como $(\text{Exportacións}/\text{Importacións}) \times 100$.

tanto no contexto do crecemento económico como no da posterior crise a economía galega viu mellorada a súa competitividade no mercado español. En contraste con iso, no noso comercio internacional (coa UE e co resto do Mundo) a evolución correspóndese moito máis coa descrita forma de U que aparece en termos agregados. No comercio co resto do Mundo a caída da taxa de cobertura prolongouse ata 2008 e foi máis acusada, ao verse afectado aquí o saldo comercial pola escalada dos prezos dos produtos enerxéticos, nomeadamente o petróleo (gráfico 4.3).

Gráfico 4.3. Evolución da taxa de cobertura do comercio exterior galego desagregada por ámbitos xeográficos 1998-2013



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Marco input-output para os anos 1998, 2005, 2008, 2011 e actualización do Marco input-output 2013.

4.3 Evolución dos índices de VCR 2005-2011

Un estudo máis detallado, que nos permita ver en que ramas de actividade a economía galega presenta un desempeño mellor dentro do contexto español, europeo e mundial, pode ser realizado a través do índice de vantaxe comparativa revelada (VCR)⁵. Os produtos nos que a economía galega presenta un índice de vantaxe comparativa revelada maior responden tanto en 2005 como en 2011 a un patrón bastante claro que, porén, agocha matices cando descompoñemos o ámbito xeográfico do noso comercio. Destacan, basicamente, os produtos ligados ás cadeas globais de valor do automóbil e téxtil, os produtos primarios de escasa transformación (madeira, produtos do mar, producións gandeiras, pedra tallada), a enerxía e a construción naval.

A desvantaxe comparativa fundamental da economía galega concéntrase á luz dos datos nos servizos ás empresas (nomeadamente nos máis intensivos en coñecemento), nos bens de equipo, nos bens de elos

⁵ Para un determinado ámbito xeográfico A e para cada grupo de produtos i utilizamos como medida de especialización produtiva os índices de vantaxe comparativa revelada por produtos, ponderados polo peso no total de intercambios comerciais $(X_iA - M_iA)/(X_iA + M_iA) * 100$, onde X son as exportacións e M as importacións (IGE, 2010, páx. 28).

inferiores das cadeas globais de valor presentes no noso territorio (têxtil e automóbil), produtos de alto contido tecnolóxico, produtos agrarios de alto valor engadido e nos produtos enerxéticos (petróleo, gas natural).

As principais mudanzas de carácter xeral pasan pola entrada dentro dos produtos con maior vantaxe comparativa revelada da construción naval, unha industria tradicionalmente dependente dun número moi reducido de empresas e das decisións do sector público. No lado das desvantaxes comparativas, a situación non mudou no fundamental (táboa 4.1).

A imaxe global agocha dous trazos comúns dentro do comercio galego e tres patróns diferenciadores entre o comercio co resto de rexións do Estado e o realizado coa Unión Europea e o resto do Mundo⁶. En xeral, os produtos nos que a economía galega presenta unha maior vantaxe comparativa revelada concéntranse nas ramas primarias e baseadas na explotación de recursos naturais e nos bens asociados ás cadeas globais de valor do automóbil e o têxtil. No plano estatal, a estes produtos engádenselles a produción de enerxía e a construción naval, aparecendo como importacións de maneira diferencial os servizos ás empresas intensivos en coñecemento. No comercio internacional, mantendo os puntos fortes nas xa mencionadas producións primarias/extractivas e as relacionadas co têxtil e o automóbil, a nosa dependencia concéntrase en maior medida nos bens de equipo e nos produtos de alto contido tecnolóxico. A maiores, no comercio co resto do mundo destacan as importacións enerxéticas (carbón, petróleo e gas) e as de produtos do mar. Semella pois que a mellora da competitividade galega nos mercados interrexionais e internacionais non respondeu á incorporación á nosa estrutura económica de novas producións de alta tecnoloxía ou intensivas en coñecemento.

Táboa 4.1. Produtos con maior e menor vantaxe comparativa revelada para o total do comercio exterior galego, 2005 e 2011

Maior vantaxe comparativa revelada total					
Código	Produto	2005	Código	Produto	2011
34 ^a	Vehículos de motor	4,87	29 ^a	Vehículos de motor	6,84
15B2	Conservas de pescado	2,05	10B2	Conservas (pescado, moluscos e crustáceos)	3,17
18	Prendas de vestir e prendas de pel	1,70	35 ^a	Servizos de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica	1,72
40 ^a	Prod. e distribución de electricidade	1,62	30 ^a	Construción naval	1,49
20B	Outros produtos de madeira	1,12	14	Prendas de vestir	1,15
15B3	Crustáceos e moluscos conxelados ou en conserva	0,80	10C1	Leite de consumo líquida e en po	1,03
01B	Produtos gandeiros	0,79	69_70	Servizos xurídicos e contables; servizos das sedes centrais das empresas; servizos de consultoría de xestión empresarial	0,97
28 ^a	Elementos metálicos para a construción	0,78	16B	Outros produtos de madeira	0,90
15C1	Leite de consumo	0,77	01B	Produtos gandeiros	0,75

⁶ Táboas IV, V e VI do anexo.

Continuación Táboa 4.1. Produtos con maior e menor vantaxe comparativa revelada para o total do comercio exterior galego, 2005 e 2011

Maior vantaxe comparativa revelada total					
Código	Produto	2005	Código	Produto	2011
26C	Pedra tallada, labrada e acabada, manufacturas de pedra	0,70	10A1	Carne elaborada e en conserva	0,72
Menor vantaxe comparativa revelada total					
11	Crus de petróleo; gas natural	-2,79	06	Petróleo cru e gas natural	-4,00
29,00	Maquinaria, equipo mecánico e aparatos domésticos	-2,58	21	Produtos farmacéuticos	-1,29
28B	Os demais produtos metálicos	-2,11	29B	Carrozarías e partes e pezas de vehículos de motor	-1,24
17ª	Produtos téxtiles	-1,46	26	Produtos informáticos, electrónicos e ópticos	-1,21
34C	Partes e pezas de vehículos de motor	-1,22	13	Produtos téxtiles	-1,08
24B	Produtos farmacéuticos	-1,02	73	Servizos de publicidade e estudos de mercado	-1,04
15F4	Outros produtos alimenticios	-0,91	10E4	Outros produtos alimenticios	-0,78
33,00	Equipo médico e de precisión	-0,80	28	Maquinaria	-0,78
40B	Prod. e dist. de gas, vapor a auga quente	-0,77	22	Produtos de caucho e plástico	-0,74
65	Serv. de intermediación financeira	-0,75	01ª	Produtos e servizos agrícolas	-0,72

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Marco input-output para Galicia 2005 e Marco input-output para Galicia 2011.

5. Conclusións

Tal e como advertimos ao comezo do presente traballo, o obxectivo do mesmo transcende ao mero exercicio descritivo e sintetizador dos datos cuantitativos analizados. Ao longo dos diferentes apartados foron introducidas reflexións de carácter teórico que axudan a situar e comprender os resultados acadados desde unha perspectiva máis cualitativa. Tras a recapitulación deses resultados empíricos, semella pertinente destacar tres tendencias transversais que caracterizan á actual estrutura económica de Galicia e que, á vez, abren ante nós tres vías de investigación a través das cales ampliar o coñecemento sobre a mesma. Estes tres trazos, pese a que sexan expostos de maneira separada, forman ao noso parecer parte dun todo indisoluble que caracteriza a nosa dinámica económica e por tanto tamén a social, cultural e política.

En primeiro lugar, constatamos como a galega era xa antes da crise unha economía altamente terciarizada en termos absolutos, non así se a situabamos no contexto de Estado español ou no europeo. Detrás deste fenómeno semella estar o avance de economías de capital constante baseadas no subministro común de servizos ás empresas (e ao sector público), que anteriormente ficaban internalizados nas diferentes unidades produtivas ou estruturas organizativas. Tal fenómeno puido estar relacionado cun aumento da produtividade no conxunto da economía galega e semella ter sido acelerado pola necesidade de ensanchar as taxas de beneficio das empresas tras o duro golpe que supuxo a primeira recesión asociada á crise que se iniciou en 2008.

Un matiz debe ser feito a este respecto, sobre o que volveremos máis adiante. Ditas economías de capital constante déronse en torno a servizos tradicionais, rutinarios e relativamente pouco intensivos no emprego de

coñecemento. En calquera caso, fica claro que o desempeño da economía galega depende en boa medida de actividades económicas situadas na súa maioría nas nosas vilas e cidades, en tanto que é o espazo urbano o soporte sobre o que se dan este tipo de economías. En definitiva, en como se van configurando as cidades e vilas decídese en boa medida o noso desempeño económico e tamén boa parte da distribución da riqueza xerada.

En segundo lugar, os resultados obtidos no traballo, unidos ás reflexións teóricas examinadas en torno á nosa inserción económica externa, permítennos describir un certo perfil da nosa competitividade, válido tanto para os intercambios co resto do Estado español como para os realizados co resto da Unión Europea e do mundo. Este baséase, en primeiro lugar, en industrias de carácter maduro e en xeral de tecnoloxía media-baixa (con algunhas excepcións). A isto hai que engadir a nosa clara desvantaxe comparativa revelada no que se refire aos bens de capital, nos cales veñen incorporadas as innovacións tecnolóxicas claves.

A consecuencia disto, agravada coa crise económica, é a tendencia ao establecemento de estratexias competitivas por parte das empresas baseadas na redución de custos, xa sexan os custos laborais ou o custo doutros elementos como pode ser o subministro de electricidade. A isto súmase o peso que na nosa inserción exterior teñen un número moi reducido de empresas en practicamente todas as ramas de actividade, as cales na súa maioría son controladas por capitais estranxeiros. A ausencia e retroceso de ramas de servizos intensivos en coñecemento, e en xeral a debilidade relativa do noso Sistema Rexional de Innovación, unida aos trazos comentados, fan do noso un territorio con escasas posibilidades de ancoraxe máis alá de ofrecer man de obra barata, subministros a prezo subvencionado ou barra libre na explotación dos recursos naturais.

A causa e á vez a consecuencia destas dúas características cualitativas da nosa realidade atopámola na relación de subalternidade en termos económicos que mantemos respecto doutros ámbitos. A nivel tecnolóxico, nun esquema que podemos considerar máis ligado ao réxime de acumulación fordista, a economía galega segue presentando unha clara desvantaxe á hora de xerar nova tecnoloxía, debendo adquirir esta do exterior (nomeadamente da Unión Europea). A este esquema máis “clásico” cabería engadir o xa mencionado peso decisivo dun reducido número de empresas baixo control estranxeiro dentro da nosa estrutura produtiva e a pervivencia de industrias de enclave.

Máis alá disto, o esquema de dependencia e subalternidade reproducése tamén en termos de captación, adaptación e transmisión de coñecemento. Estamos ante un elemento novo, moito máis asociado co paradigma económico das TIC e co esquema posfordista de organización empresarial. Dada a xestión exterior (nomeadamente desde o resto do Estado español) das redes e organizacións que xestionan os coñecementos necesarios para desenvolver estratexias de competitividade baseadas na diferenciación e na innovación,

podería estar dándose unha situación de “bloqueo” das nosas potencialidades, dun xeito análogo pero diferente ao exposto por Lafont e recollido por Beiras á hora de explicar o noso atraso económico na segunda metade do século XX. Fronte á acción dun Estado-Plan fortemente centralizado e dirixista, como eran o réxime franquista ou a Francia de De Gaulle, Pompidou, Poher, Giscard d’Estaing e Mitterrand, o que se nos presenta agora é un colonialismo interior diferente, máis sutil e avalado por unhas “eficientes” decisións dos axentes no mercado. Isto agrávase aínda máis se temos en conta o carácter acumulativo e dependente do pasado dos procesos económicos.

Pero, como temos visto tamén, tal lóxica presentada como “natural” no contexto político neoliberal da nosa época resulta tremendamente ineficiente no que refire ao aproveitamento das nosas posibilidades para o desenvolvemento económico (e social) e mesmo en termos ambientais. A realidade estudada xustifica a intervención do sector público desde unha perspectiva sistémica e racional, isto é, identificando as novas realidades do noso “atraso” e articulando formulacións acaídas para lograr cambios nas tendencias observadas, fuxindo de sistemas de incentivos que máis ben resultaron dirixidos a acentualas. Isto resulta, ademais de posible, pertinente en tanto que o sector público continúa xogando un papel absolutamente fundamental no devir da nosa economía á luz dos datos obtidos. Mais non todo pode ser acadado a través das políticas públicas, senón que resulta precisa a mobilización de toda unha serie de actores sociais e institucionais para a xeración dun entorno e uns consensos que posibiliten e incentiven tal cambio de rumbo. A construción dun relato sobre o que somos, resulta pois necesaria para construír esa mestura *gramsciana* de sedución e coacción e para dirimir a dirección do progreso do noso país neste entramado complexo que é a loita de clases. Tal cuestión excede, en calquera caso, o propósito do presente artigo.

6. Bibliografía

- Brenner, N. (2017). *Neil Brenner: teoría urbana crítica y políticas de escala*. Barcelona: Icaria.
- Chesnais, F. (2003). La teoría del régimen de acumulación financiarizado. *Revista de Economía Crítica*, nº 1, páxs. 37-72.
- del Castillo Cuervo-Arango, F. (1988). La evolución del análisis input-output regional y la experiencia española. *Ekonomiaz*, nº 11, páxs. 105-140.
- Domínguez Sánchez-Pinilla, M. (2009). Obrero social - obrero masa. En Román Reyes (Dir): *Diccionario Crítico de Ciencias Sociales. Terminología Científico-Social*, Tomo 1/2/3/4. Madrid-México: Ed. Plaza y Valdés.
Recuperado de: <http://webs.ucm.es/info/eurotheo/diccionario/O/index.html>
- Fernández Leiceaga, X. e López Iglesias, E. (2000). *Estrutura económica de Galiza*. Santiago de Compostela: Laiovento.

- Fernández Redondo, M. (2001). *Política regional e interdependencia sectorial de la economía de Galicia: un análisis a través de las tablas input-output* (Tese de doutoramento). Universidade da Coruña, A Coruña.
- González Laxe, F. (2010). “La crisis económica: Impactos sobre Galicia” en Caballero Míguez, G. e Garza Gil, M.D. (eds.) (2010): *La Gran Recesión. Perspectivas globales y regionales*, páxs. 171-190. A Coruña: Netbiblo.
- Harvey, D. (2010). *Guía de “El Capital” de Marx. Libro Primero*. Madrid: Akal.
- Instituto Galego de Estatística. Marco Input-Output de Galicia 2005 (Excel). Recuperado de: https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007003
- Instituto Galego de Estatística. Marco Input-Output de Galicia 2011 (Excel). Recuperado de: https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007003
- Instituto Galego de Estatística. Actualización do Marco Input-Output de Galicia ano 2013 (Excel). Recuperado de: https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007003
- Instituto Galego de Estatística (2010): *A economía galega a través do marco input output de Galicia 2005*. Santiago de Compostela: Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Lapavitsas, C. (2009). “Financiarización”, o la búsqueda de beneficios en la esfera de la circulación. *Ekonomiaz*, nº 72, páxs. 98-119.
- Lapavitsas, C. (2016). *Beneficios sin producción. Como nos explotan las finanzas*. Madrid: Traficantes de Sueños.
- Lemos, G. (15 de outubro de 2018). Autopistas, transporte y grandes industrias gallegas están en manos de inversores foráneos. *La Voz de Galicia*. Recuperado de: https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/economia/2018/10/15/autopistas-transporte-grandes-industrias-gallegas-manos-inversores-foraneos/0003_201810G15P2991.htm
- Leontief, W. (1936). Quantitative Input and Output Relations in the Economic System of the United States. *The review of Economics and Statistics*, vol. 18, nº 3, páxs. 105-125.
- López, I. e Rodríguez, E. (2010). *Fin de ciclo: financiarización, territorio y sociedade de propietarios en la onda larga del capitalismo hispano (1959-2010)*. Madrid: Traficantes de Sueños.
- López Iglesias, E. (2016). “Do atraso ao progreso económico de Galiza? Un proceso histórico á espera dun relato”, en Dubert García, I. (ed.) (2016): *Historia das historias de Galicia*, páxs. 329-356. Vigo: Xerais.

- Lundvall, B-A. (2007). Innovation System Research Where it came from and where it might go. *Globelics*, working paper No. 2007-01.
- Muñoz Ciudad, C. (2000). *Las cuentas de la nación: introducción a la economía aplicada*. 2ª ed. Madrid: Civitas ediciones.
- Navarro Arancegui, M. (2009). Los sistemas regionales de innovación. Una revisión crítica. *Ekonomiaz*, nº 70, páxs. 24-59.
- Rodil Marzábal, O. (2009). “A internacionalización da economía galega” en González Laxe (coord.) (2009) Galicia. Economía, vol. LX, páxs. 331-377. A Coruña: Hércules.
- Rubalcaba-Bermejo, L. (1999). *Business Services in European Industry. Growth, Employment and Competitiveness*. Luxemburgo: Office for Official Publications of the European Communities.
- Soza Amigo, S. A. (2007). *Análisis Estructural Input-Output: Antiguos Problemas y Nuevas Soluciones* (Tese de doutoramento). Universidad de Oviedo, Oviedo.
- Vence Deza, X. (1995). *Economía de la innovación y del cambio tecnológico*. Madrid: Siglo XXI.
- Vence Deza, X. (dir) (1998): *Industria e Innovación*. Vigo: Xerais de Galicia.
- Vence Deza, X. (coord) (2007). *Crecimiento y políticas de innovación*. España: Ediciones Pirámide.
- Vence Deza, X. (2010). Sistema Galego de Innovación e Políticas de Innovación: balance dunha década. *Revista Galega de Economía*, vol. 19, nº extraordinario, páxs. 161-190.
- Vence Deza, X. e González López, M. (2009). Los servicios a empresas intensivos en conocimiento y los flujos externos de conocimiento en los sistemas de innovación abiertos. El caso de Galicia. *Ekonomiaz*, (nº 70), páxs. 184-205.

7. Anexo estatístico

Táboa I. Sectores clave na economía galega, anos 2005 e 2011.

2005	2011
Actividades inmobiliarias	Actividades inmobiliarias
Administración Pública, Defensa e Seguridade Social Obligatoria	Actividades sanitarias e de servizos sociais de non mercado
Comercio polo miúdo, agás de vehículos de motor; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas
Construción	Almacenamento e actividades anexas ao transporte
Fabricación de produtos químicos e farmacéuticos	Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor
Fabricación doutro material de transporte	Construción
Metalurxia	Coquerías e refino de petróleo
Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques
Servizos de comidas	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado
	Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos
	Servizos de comidas e bebidas
	Transporte terrestre e por tubaxe

Fonte: Elaboración propia a partir do Marco Input-Output de Galicia anos 2005 e 2011.

Táboa II. Sectores motores na economía galega, anos 2005 e 2011.

2005	2011
Actividades de educación de non mercado	Actividades de saneamento e xestión de residuos de non mercado
Actividades recreativas, culturais e deportivas de mercado	Actividades sanitarias e de servizos sociais de mercado
Actividades sanitarias, veterinarias e de servizos sociais de mercado	Confeción de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado
Actividades sanitarias, veterinarias e de servizos sociais de non mercado	Educación de non mercado
Elaboración e conserva de peixe e produtos a base de peixe	Fabricación de produtos lácteos
Industria cárnica	Fabricación doutro material de transporte
Industria da confección e da peletería	Industria química e fabricación de produtos farmacéuticos
Industria láctea	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes
Outras industrias alimentarias e do tabaco	Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos
Saneamento público de non mercado	Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación de mercado

Fonte: Elaboración propia a partir do Marco Input-Output de Galicia anos 2005 e 2011.

Táboa III. Sectores básicos na economía galega, anos 2005 e 2011.

2005	2011
Actividades de emprego e actividades empresariais diversas	Actividades de alugueiro
Actividades informáticas	Actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas
Actividades postais e de mensaxería	Actividades postais e de correo
Actividades xurídicas, contables, consultoría de xestión	Actividades relacionadas co emprego
Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	Actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultoría e de xestión empresarial
Extracción de produtos enerxéticos	Fabricación de bebidas e industria do tabaco
Extracción de produtos non enerxéticos	Fabricación de produtos de caucho e plásticos
Fabricación de maquinaria e material eléctrico	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento
Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos
Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	Industrias extractivas
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	Outras actividades profesionais, científicas, técnicas e veterinarias
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	Publicidade e estudos de mercado
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións
Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería; ensaios e análise técnica
Outro transporte terrestre	
Publicidade	
Reciclaxe	
Servizos de investigación e seguridade; actividades industriais de limpeza	
Telecomunicacións	
Transporte marítimo	
Venda e reparación de vehículos de motor	

Fonte: Elaboración propia a partir do Marco Input-Output de Galicia anos 2005 e 2011.

Táboa IV. Produtos con maior e menor vantaxe comparativa revelada para o comercio galego co resto de España, 2005 e 2011

Maior vantaxe comparativa revelada respecto do resto de España					
Código	Produto	2005	Código	Produto	2011
40A	Prod. e distribución de electricidade	3,14	10B2	Conservas (pescado, moluscos e crustáceos)	4,93
15B2	Conservas de pescado	3,04	35A	Servizos de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica	3,71
18	Prendas de vestir e prendas de pel	2,16	10C1	Leite de consumo líquido e en po	2,23
34A	Vehículos de motor	1,95	14	Prendas de vestir	1,59
35A	Construción, reparación e mantemento naval	1,74	29B	Carrozarías e partes e pezas de vehículos de motor	1,57
20B	Outros produtos de madeira	1,69	16B	Outros produtos de madeira	1,17
15C1	Leite de consumo	1,49	01B	Produtos gandeiros	1,12
28A	Elementos metálicos para a construción	1,48	30A	Construción naval	1,12
01B	Produtos gandeiros	1,46	10A1	Carne elaborada e en conserva	1,05
34C	Partes e pezas de vehículos de motor	1,38	19	Refino de petróleo	0,92
Menor vantaxe comparativa revelada respecto do resto de España					
28B	Os demais produtos metálicos	-3,88	73	Servizos de publicidade e estudos de mercado	-2,04
29	Maquinaria, equipo mecánico e aparatos domésticos	-2,28	10E4	Outros produtos alimenticios	-1,75
17A	Produtos téxtiles	-2,07	13	Produtos téxtiles	-1,33
15F4	Outros produtos alimenticios	-1,80	72M	Servizos de I+D de mercado	-1,08
40B	Prod. e dist. de gas, vapor a auga quente	-1,49	62_63	Servizos de programación, consultoría e outros servizos relacionados coa informática; servizos de información	-1,01
22	Produtos da edición, impresión e gravación	-1,44	20B	Outros produtos químicos	-1,00
74C	Serv. de publicidade	-1,44	25	Produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-0,98
24A2	Outros produtos químicos	-1,26	10E2	Aceites e graxas vexetais e animais	-0,92
72	Serv. de informática	-1,06	24	Produtos de metalurxia e produtos metálicos	-0,89
65	Serv. de intermediación financeira	-1,06	10A2	Produtos cárnicos	-0,85

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Marco input-output para Galicia 2005 e Marco input-output para Galicia 2011.

Táboa V. Produtos con maior e menor vantaxe comparativa revelada para o comercio galego co resto da Unión Europea.

Maior vantaxe comparativa revelada respecto do resto da UE-27					
Código	Produto	2005	Código	Produto	2011
34A	Vehículos de motor	12,16	29A	Vehículos de motor	14,83
18	Prendas de vestir e prendas de pel	3,12	10B2	Conservas (pescado, moluscos e crustáceos)	2,38
26C	Pedra tallada, labrada e acabada, manufacturas de pedra	1,58	14	Prendas de vestir	1,65
15B2	Conservas de pescado	1,50	23D	Pedra tallada, labrada e acabada, manufacturas de pedra	1,09
15B3	Crustáceos e moluscos conxelados ou en conserva	1,07	69_70	Servizos xurídicos e contables; servizos das sedes centrais das empresas; servizos de consultoría de xestión empresarial	1,06
21A	Pasta de papel, papel e cartón	0,80	16B	Outros produtos de madeira	0,79
20B	Outros produtos de madeira	0,67	30A	Construción naval	0,73
15A1	Carne fresca, refrixerada ou conxelada	0,50	01B	Produtos gandeiros	0,65
63A	Serv. anexos ó transporte	0,19	10A1	Carne elaborada e en conserva	0,60
17B	Artigos de punto	0,14	17A	Pasta de papel, papel e cartón	0,52
Menor vantaxe comparativa revelada respecto do resto da UE-27					
34C	Partes e pezas de vehículos de motor	-7,80	29B	Carrozarías e partes e pezas de vehículos de motor	-6,00
29	Maquinaria, equipo mecánico e aparatos domésticos	-3,61	26	Produtos informáticos, electrónicos e ópticos	-2,28
27	Produtos básicos de ferro e ferroalixes; metais non férreos	-2,31	28	Maquinaria	-2,07
24B	Produtos farmacéuticos	-2,08	27	Material e equipo eléctrico	-1,80
17A	Produtos téxtiles	-1,11	21	Produtos farmacéuticos	-1,52
33	Equipo médico e de precisión	-1,10	22	Produtos de caucho e plástico	-1,18
31	Maquinaria e material eléctrico	-1,02	13	Produtos téxtiles	-0,87
30	Máquinas de oficina	-1,01	24	Produtos de metalurxia e produtos metálicos	-0,79
32	Material electrónico	-0,96	32	Outros artigos manufacturados	-0,77
65	Serv. de intermediación financeira	-0,53	37_39M	Servizos de rede de sumidoiros, xestión de residuos e saneamento de mercado	-0,74

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Marco input-output para Galicia 2005 e Marco input-output para Galicia 2011.

Táboa VI. Produtos con maior e menor vantaxe comparativa revelada para o comercio galego co resto do Mundo.

Maior vantaxe comparativa revelada respecto do resto do Mundo					
Código	Produto	2005	Código	Produto	2011
34C	Partes e pezas de vehículos de motor	2,57	29A	Vehículos de motor	7,20
23	Refino de petróleo	0,85	30A	Construción naval	3,67
34A	Vehículos de motor	0,74	69_70	Servizos xurídicos e contables; servizos das sedes centrais das empresas; servizos de consultoría de xestión empresarial	1,39
31	Maquinaria e material eléctrico	0,63	24	Produtos de metalurxia e produtos metálicos	1,09
26C	Pedra tallada, labrada e acabada, manufacturas de pedra	0,27	31	Mobles	0,50
20B	Outros produtos de madeira	0,27	52	Servizos anexos ao transporte	0,50
15E1	Viño	0,19	16B	Outros produtos de madeira	0,48
17B	Artigos de punto	0,12	23D	Pedra tallada, labrada e acabada, manufacturas de pedra	0,39
63A	Serv. anexos ó transporte	0,12	10B2	Conservas (pescado, moluscos e crustáceos)	0,38
15B2	Conservas de pescado	0,11	29B	Carrozarías e partes e pezas de vehículos de motor	0,32
Menor vantaxe comparativa revelada respecto do resto do Mundo					
11	Crus de petróleo; gas natural	-15,43	06	Petróleo cru e gas natural	-
35A	Construción, reparación e mantemento naval	-2,35	10B1	Conxelados (pescado, moluscos e crustáceos)	-4,77
18	Prendas de vestir e prendas de pel	-2,07	19	Refino de petróleo	-4,22
32	Material electrónico	-2,07	21	Produtos farmacéuticos	-3,32
15B1	Pescado, filetes de pescado e outros tipos, conxelado	-1,82	26	Produtos informáticos, electrónicos e ópticos	-2,48
27	Produtos básicos de ferro e ferroalixaxes; metais non férreos	-1,77	05	Hulla, antracita e lignito	-2,04
29	Maquinaria, equipo mecánico e aparatos domésticos	-1,66	01A	Produtos e servizos agrícolas	-1,57
10	Antracita, hulla, lignito e turba	-1,48	32	Outros artigos manufacturados	-1,20
20A	Madeira serrada e cepillada	-1,41	07	Minerais metálicos	-1,19
33	Equipo médico e de precisión	-1,36	13	Produtos téxtiles	-0,83

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Marco input-output para Galicia 2005 e Marco input-output para Galicia 2011.